



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

Anuncio taboleiro electrónico de nomeamento de funcionario de carreira e creación de bolsa de traballo. Auxiliar administrativo

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 875/2023, do 22 de decembro acordouse:

Primeiro.- Nomear persoal funcionario de carreira, auxiliar administrativa, Grupo C, Subgrupo C2, Escala de administración xeral, subescala auxiliar do Concello de Val do Dubra a María de los Ángeles Vaquero Boquete, con DNI núm 32*****, por ser a aspirante que acadou a maior puntuación no proceso selectivo, que deberá tomar posesión no prazo máximo dun (1) mes dende a notificación da presente resolución.

Segundo.- Crear unha bolsa de traballo de auxiliar administrativo / a do Concello de Val do Dubra, coa composición seguinte, por orde descendente de puntuación:

- 1.- Lorenzo Pazos, Berta
- 2.- Pinal Seoane, Silvia María
- 3.- Doval Pazos, Brais
- 4.- Ruda López, Manuel
- 5.- Padín Rey, Jessica
- 6.- Fernández Núñez, Mireia
- 7.- Garabatos Rodríguez, Tania
- 8.- Irigoyen Vázquez, Sergio
- 9.- García Ferreiro, Héitor

Terceiro.- A xestión da bolsa de traballo realizarase segundo o establecido nas bases que rexeron o proceso selectivo e atendendo rigorosamente á orde indicada no apartado anterior.

Cuarto.- Notificar a presente resolución á aspirante nomeada, comunicándolle que deberá tomar posesión no prazo de un (1) mes a contar desde o día seguinte a aquel no que se lle notifique o nomeamento.

Quinto.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios físico e da sede electrónica do Concello de Val do Dubra.

Sexto.- Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, os aspirantes poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución, ou directamente recurso contencioso – administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data na forma prevista na lexislación reguladora de dita xurisdición contencioso – administrativa

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, e artigo 25 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

profesional dos funcionarios civís da administración xeral do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo.

Val do Dubra, 28 de decembro de 2023

O alcalde

Diego Luís Díaz Méndez

Val do Dubra, naturalmente